

25 de XULHO



UNIDADE, SOBERANÍA, SOCIALISMO POLA REPÚBLICA GALEGA!!

Día da
Patria Galega
2011



O Partido Comunista do Povo Galego (PCPG) saúda fraternalmente a todos e a todas as que asisten ás mobilizacións e actos deste Día da Patria Galega, a esta nova xornada de reafirmación e dignificación nacional.

Xa pasaron máis de 30 anos de “estatuto de autonomía” e estamos no medio dunha crise bestial e sen precedentes da era capitalista. Tres décadas de integración nun novo modelo de dominación no que o instrumento autonómico foi e continúa a ser un dos seus máis valiosos inventos para asegurar a acumulación capitalista nos espazos alleos (primeiro estatal e agora europeo) para impedir a libre determinación de Galiza, Euskal-Herria e Catalunya e para lle dar continuidade a bárbara destrución do noso territorio, da nosa cultura popular e da nosa lingua nacional. Un instrumento para lle dar continuidade ao espolio e depredación secular dos nosos recursos, da nosa man de obra (barata) convertida en permanente emigración: esa sangría secular e xenocida utilizada tüzara, sistemática e cruelmente contra o noso povo.

30 anos de incompetencia “autonómica” que impediron decidirmos por nós propios en función dos nosos intereses supremos; de insolvencia para garantir os mínimos avances na soberanía do noso povo, desde submisas administracións que, a modo de virreinos, lexitiman e perpetúan a crise que de xeito estrutural padece a Nosa Terra.

Tres décadas nas que se apoiaron en partidos parlamentaristas e oportunistas, dunha ou doutra cor en sucesivos gobernos da Xunta que nunca amosaron vontade política de parar tanta agresión, que nunca cuestionaron o papel dependente da nosa economía nin potenciaron seriamente, senón ao contrario, a cultura nacional e o noso idioma. Que no nome da “modernidade” nunca cuestionaron a pertenza á organización terrorista e imperialista OTAN que envía mozos e mozas galegas a guer ras e conflitos para asegurar o expolio e o dominio de países doutros confíns do mundo, nin discutiron a nosa pertenza á UE e ao euro, que significou empioramento das nosas condicións de vida e o desmantelamento da nosa industria tradicional estratéxica: naval, leiteira, conserveira, gandeira, pesqueira.. Que nunca obxectaron a destrución da nosa flota de pesca de altura nin se resistiron ao monocultivo do eucalipto, a destrución da rede de comunicacións ferroviarias de proximidade, as sucesivas “reformas laborais”, as míseras pensións da nosa clase obreira (as máis baixas do estado). Que nunca detiveron a bárbara destrución do territorio, o “Ave” a alieanación e españolización cultural e as brutais agresións lingüísticas.

Estatuto, “Europa”, “modernidade”, o PCPG sempre manifestou que era un engano e un fraude acreditar nestas patrañas, supostamente beneficiosas para capitalistas e traballadores. Compre saber todo isto, compre non esquecer nunca!, Difundie e estar do lado do povo, tecer redeas de rebelión, de organización, solidariedade e de combate. Loitar e reaxir como aconteceu noutras épocas da historia e como demostraron feitos e combates relativamente recentes da clase obreira e amplos sectores do povo galego desde as fábricas, na rúa e no mar.

Non estamos derrotados nin “nunca tanto choveu que non escampara”, como di o noso retranqueiro dito popular. Temos un povo combativo e indómito que se ergue contra esa “realidade” que nos expolia, proscribe e relega. Hai unha clase obreira conscente que fai fronte con decisión aos abusos do capital. Temos un povo que rexeita as políticas asimilistas que atacan sen piedade a nosa lingua nacional e marxina a nosa cultura popular. Temos umha Galiza rebelde (que non se confundan!!) que non está disposta a acatar máis séculos de tiranía e asoballamento, que loita e que esixe liberdade e respecto para todos e todas os que se rebelan, para todos e todas aqueles/as que son represaliados, presos ou desterrados nos cárceres dun Reino que é en si mesmo cárcere de nacións e de povos.

E temos, por riba de todo, a razón histórica do noso lado, porque do seo do povo traballador, do noso lado, xorden con máis forza colectivos que organiza a rebeldía popular e de clase necesarias; mozos e mozas, homes e mulleres dignos e lúcidos que non dimiten nin se resignan; obreiros xenerosos e capaces para organizaren resistencias e combates contra a bestialidade imperialista e a explotación capitalista, contra a marxinação e infame submisión das mulleres ou contra o decaemento nacional desta patria milenaria; contra a inxustiza social e a represión en todas as súas formas; contra as guerras de ocupación e barbarie imperialista ou contra o deterioro ambiental, etc

Nós temos fe no noso Povo e dende a unidade da esquerda consecuente (revolucionaria e soberanista) que habita nesta Iniciativa Popular pola Autodeterminación que é Causa Galiza e no amplísimo espazo do soberanismo que hai máis alá (que temos que gañar), continuaremos os vieiros de loita contra os proxectos imperialistas e sucurselistas (como queira que estes se manifesten) que tratan de perpetuar a nosa dependencia e submisión. Isto é: na loita polo dereito inalienabel e democrático de AUTODETERMINACIÓN E INDEPENDENCIA e máis alá, POLO SOCIALISMO.

Loitar pola nosa liberación nacional é unha constante dos e das comunistas galegos do PCPG ao longo da nosa historia de máis dun cuarto de século, porque sabemos que ela é unha condición sine qua num para a transformación socio-económica e o progreso e, na época en que estamos, un dereito de todos os povos, un dereito democrático irrenunciabel na loita por unha sociedade socialista.

Nós temos fe no noso povo e abriremos as portas dun camiño que só pode concluir no obxectivo compartido dumha REPÚBLICA GALEGA SOCIALISTA e sen explotación.

Avante co noso povo traballador, con unidade e con espírito de máxima xenerosidade e sen particularismos!. NADA PARA NÓS, TODO PARA O POVO!

-Adiante a nosa unidade e loita común pola Soberanía Nacional

- Pola República Socialista Galega!!

Partido Comunista do Povo Galego (PCPG)

email: pcdogp@gmail.com

www.pcdopg.blogspot.com



Partido Comunista do Povo Galego